

Resolución do 7 de outubro do 2024, pola que se declaran á aceptación da renuncia trala perda de dereito á axudas relativas ás intervencións ambientais e climáticas do Plan estratéxico da PAC 2023-2027 para a campaña 2023, cofinanciadas nun 80% polo Fondo FEADER

Por resolución do 15 de xaneiro de 2024 publícase a relación de solicitudes aprobadas e denegadas das axudas relativas ás intervencións ambientais e climáticas do Plan estratéxico da PAC 2023-2027 para a campaña 2023, autofinancias ao 80 % polo Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader), e en virtude da solicitude presentada ao amparo da ORDE do 15 de marzo de 2023 pola que se regula a aplicación dos pagos directos á agricultura e á gandería e das axudas ao desenvolvemento rural suxeitas ao sistema integrado de xestión e control.

O artigo 26 da Orde do 15 de marzo de 2023 establece que as persoas interesadas propostas como beneficiarias dispoñerán dun prazo de dez días para a aceptación da resolución. Despois do prazo conferido, a persoa interesada Javier López García presenta a súa renuncia á axuda relativa ás intervencións ambientais e climáticas. Unha vez analizada a renuncia presentada, procede pronunciarse sobre a aceptación de dita renuncia.

Segundo os seguintes antecedentes:

- Con data de 15 de xaneiro de 2024 publícase a resolución pola cal a Javier López García, se lle concede unha axuda relativa ás intervencións ambientais e climáticas do Plan estratéxico da PAC 2023-2027 para a campaña 2023, tendo concedida unha axuda referente a intervención 9110063 - 6501.3 - extensificación das explotacións gandeiras por importe de 1.918,40 euros.
- Con data de 28 de xuño de 2004, Javier López García presenta renuncia a axuda concedida.
- Con data de 29 xullo de 2024, Javier López García, procede realizar a devolución voluntaria da axuda concedida, facendo o ingreso da mesma.
- Por resolución da persoa titular da dirección do FOGGA, do 2 de outubro do 2024, se declara á perda de dereito de Javier López García á axuda relativa ás intervencións ambientais e climáticas do Plan estratéxico da PAC 2023-2027 para a campaña 2023.



De acordo con o anterior,

RESOLVO:

Primeiro. Aceptar a devolución de Javier López García do importe axuda concedida relativa ás intervencións ambientais e climáticas.

Segundo. Notificar dita resolución a persoa interesada.

Terceiro. Contra as citadas resolucións, que non poñen fin á vía administrativa, as persoas interesadas poderán interpoñer recurso de alzada ante o presidente do Fogga no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao desta publicación, conforme ao disposto nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. O prazo de interposición concluirá o mesmo día desta publicación no mes de vencemento, de conformidade co artigo 30.4 da citada lei.

Santiago de Compostela, 7 de outubro do 2024

A persoa titular da dirección do Fondo Galego de Garantía Agraria

Juan José Cerviño Varela



Anexo I Datos relativos a aceptación da devolución da axuda trala perda de dereito relativas
ás intervencións ambientais e climáticas (2023-2027)

Número de expediente do recurso	Nome e apelidos	NIF da persoa	Liña	Importe aprobado	Importe devolto
1227060000225	Javier López García	***4502**	9110063	1.918,40	1.918,40

